

**MANUAL  
DE PÓLIZA DE RISCOS  
PATRIMONIAIS**

# ÍNDICE

	<b>Páxs.</b>
INTRODUCCIÓN .....	4
I. RESUMO DE COBERTURAS DA PÓLIZA DE RISCOS PATRIMONIAIS. ....	6
II. PROCEDEMENTO EN CASO DE SINISTRO NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN .....	15
III. ACTUACIÓN EN INCIDENTES NON ASEGURADOS .....	20
IV. OUTRAS COMUNICACIÓNS .....	.22
V. ANEXO: MODELO DE COMUNICACIÓN DE SINISTROS .....	.24

# INTRODUCCIÓN

## INTRODUCCIÓN

Co presente manual o **DEPARTAMENTO DE SEGUROS DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA** pretende difundir o contido do Programa de Seguros.

Con el preténdense conseguir–los seguintes obxectivos fundamentais:

1. Informar do contido das pólizas contratadas.
2. Determinar un sistema de actuación en caso de sinistro
3. Establecer un sistema de comunicacións entre tódalas Consellerías e o Departamento de Seguros.
4. Conseguir un Programa óptimo de Seguros mediante a análise dos riscos.

Pola diversidade de Riscos que a **XUNTA DE GALICIA** pode ter, é imprescindible a colaboración de todo o persoal, mediante o coñecemento dos seguros contratados así como a comunicación rápida e eficaz de calquera incidencia ou feitos que puidesen ter transcendencia cara ó seguro.

Por último, é necesario indicar que este **MANUAL**, polas características especiais que presenta, constitúe simplemente unha guía que en ningunha circunstancia substitúe as Pólizas, á redacción das cales hai que remitirse en caso de dúbida nas interpretacións.

# I. RESUMO DE COBERTURAS DA PÓLIZA DE RISCOS PATRIMONIAIS

# RESUMO DE COBERTURAS

## RISCOS PATRIMONIAIS:

A póliza contratada pola Xunta de Galicia é un **TODO RISCO** e é contrario das pólizas tradicionais sobre todo aquilo que non está especificamente excluído.

## BENS ASEGURADOS:

Tódolos bens propiedade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus Organismos Autónomos, así como todos aqueles dos cales ostente o seu uso ou gozo, xa sexa en concepto de cesión, precario ou calquera outro título, **con excepción dos seguintes bens:**

- a) Bens en arrendamento.
- b) Embarcacións en flotación aeronaves e material móbil ferroviario.
- c) Terreos, custos de acondicionamento, plantas, colleitas e animais.
- d) Minerais e combustibles.
- e) Plataformas e equipos de perforación ou extracción, excepto os desmontados e depositados en almacéns ou zonas de almacenamento.
- f) Bens situados en, sobre ou baixo a auga. Esta exclusión non afecta ó Centro de Investigación de **VILAXOÁN** que queda incluído.

- g) Bens durante a súa construción, instalación ou montaxe, excepto canto se indica no apartado (e) de RISCOS CUBERTOS.
- h) Bens depositados á intemperie ou en construcións abertas, respecto ós danos causados ós mesmos por fenómenos meteorolóxicos.
- i) Presas, depósitos, Pozos, oleoductos e gasoductos.
- j) Estradas, pontes, túneles, vías férreas.
- k) Portos, peiraos, diques, espigóns.

## **RISCOS CUBERTOS:**

Dentro dos límites establecidos na póliza o Asegurador indemnizará os danos e perdas materiais causados directamente os bens asegurados de forma súbita e accidental por todo risco non especificamente excluído.

Así mesmo indemnizaranse:

- a) Os danos ós bens asegurados que ocasionen as medidas necesarias adoptadas pola Autoridade ou o ASEGURADO para cortar ou extingui-lo incendio ou impedi-la súa propagación ou minorar calquera outro risco cuberto, con exclusión dos gastos derivados da aplicación de tales medidas.
- b) Os gastos que ocasione 6 ASEGURADO o transporte dos obxectos asegurados ou calquera outra medida adoptada co fin de salvarlos dun risco cuberto.
- c) Os menoscabos que sufran os obxectos salvados a consecuencia da medidas descritas nas dúas letras anteriores.

- d) O valor dos obxectos desaparecidos con ocasión do SINISTRO, sempre que o ASEGURADO acredite a súa preexistencia e salvo que o ASEGURADOR probe que foron roubados ou furtados.
- e) Os danos ás obras menores de ampliación, modificación ou reparación e traballos de mantemento e conservación que se realicen nos bens asegurados incluíndo materiais, recambios, ferramentas, equipos de maquinaria e aparellos propiedade do ASEGURADO ou dos que este sexa legalmente responsable.
- f) A título enunciativo mais non limitativo cóbrense as garantías que se indican a continuación:
1. Incendio, Raio, Explosión, Danos Eléctricos (cadros e transformadores Danos por Auga, Actos de Vandalismo, Chuvia, Vento, Pedraza, Neve, Danos por fume (Choque de vehículos, Caída de aeronaves, Ondas Sónicas, Derramo de Materias fundidas, fugas de equipos de extinción).
  2. Avaría ou rotura de maquinaria debida a causas intrínsecas ou por danos eléctricos.  
No tocante ás instalacións de procesamento de Datos están cubertos:
    - Danos a portadores externos e Recuperación de Datos.
    - Gastos Extraordinarios (Alugueiro doutros equipos etc.)
  3. Roubo, espoliación e infidelidade.
  4. Transporte dos bens asegurados fóra dos recintos asegurados.
  5. Desaloxamento forzoso dos locais asegurados.
  6. Gastos de reposición de arquivos, títulos valores, moldes, modelos, matrices e planos.



7. Gastos de desentullo.
8. Gastos de extracción de lodos.
9. Gastos de extinción.
10. Gastos ocasionados pola localización de avarías causantes de danos por auga.
11. Reembolso de custos desembolsados para previr ou minora-lo sinistro.
12. Maquinaria de procedencia estranxeira (Gastos de importación, etc.)
13. Materias primas de procedencia estranxeira.
14. Cimentacións.
15. Honorarios profesionais ocasionados polo restablecemento da propiedade asegurada despois de sufrí-la súa destrución ou algún dano.
16. Honorarios do perito do Asegurado en caso de sinistro amparado na póliza.
17. Inclusión de novas Adquisicións.
18. Valor de reposición.
19. Riscos Extraordinarios. (Consortio de compensación de Seguros).

## LIMITES DE INDEMNIZACIÓN:

Con independencia do valor total dos bens asegurados, e sen que haxa por tanto aplicación de regra proporcional, establécese un límite de indemnización por ocorrencia de 66.11.331,48 euros cos sublímites seguintes:

<u>Bens</u>	<u>Sublímites por ocorrencia</u>
- Obxectos de valor .....	1.502.530,26
- Canles, muros de contención, instalacións .....	2.103.542,37

### Garantías

<b>Avaría por rotura de maquinaria</b>	480.809,68
-Portadores de datos	180.303,63
-Gastos Extraordinarios	180.303,63
<b>Roubo e espoliación</b>	
-Roubo e espoliación de contido.	480.809,68
-Roubo de metálico en moble baixo chave. Delegacións	30.050,61
-Roubo de metálico en moble baixo chave. Resto situacións.	1.803,04
-Roubo de metálico en caixa forte. Delegacións.	30.050,61
-Roubo de metálico en caixa forte. Resto situacións.	3.005,06

-Espoliación interior locais. Delegac.	30.050,63
-Espoliación interior locais. Resto situaciones.	3.005,06
-Espoliación durante o transporte	6.010,12
-Danos por roubo ou intento en locais	180.303,63
-Infidelidade de empregados	6.010,12
- Transporte fóra dos recintos asegurados	180.303,63
-Desaloxo forzoso	781.315,74
-Reposición de patróns, moldes, modelos,matrices,planos, arquivos, etc	480.809,68
-Gastos de desentullo	781.315,74
-Gastos de extracción de lodos	180.303,63
-Gastos de extinción	180.303,63
-Honorarios Profesionais	408.809,68
-Honorarios do perito do Asegurado	180.303,63

(\*) Consultar outros límites de Indemnización co Departamento de Seguros.

A cifra que pagarán os Aseguradores pola presente póliza non excederá en ningún caso de 66.111.331,48 euros por sinistro.

## RISCOS EXCLUÍDOS:

Quedan excluídos da cobertura os riscos seguintes:

1. Os danos producidos cando o sinistro se orixina por dolo ou culpa grave do Tomador do Seguro ou do Asegurado.

En relación coa presente póliza e en especial con esta exclusión, non terán condición de asegurados os funcionarios, altos cargos e persoal dependente da XUNTA DE GALICIA.

2. A perda ou desaparición inexplicable de bens que non sexa consecuencia dun sinistro amparado pola póliza.
3. As perdas ou danos producidos por insectos e roedores, vicio propio ou defecto latente, erro de deseño, fabricación defectuosa. Uso e desgaste dos bens asegurados, deterioro normal debido a condicións atmosféricas, oxidación, erosión e/ou corrosión.
4. Atrasos, prexuízos ou perdas indirectas de calquera clase que se produzan con ocasión do sinistro, tales como perdas de uso ou mercado, penalizacións, etc.
5. Os danos ocasionados directamente polos efectos mecánicos, térmicos e radioactivos debido ás reaccións ou transmutacións nucleares, fose cal fora a causa que as producise.

A perda de valor ou de aproveitamento das existencias a consecuencia dos feitos mencionados no parágrafo anterior.

Os gastos de descontaminación, busca e recuperación de isótopos radioactivos de calquera natureza e aplicación consecuencia dun sinistro amparado pola póliza.

6. As perdas ou danos debidos á confiscación, expropiación, requisa ou destrucción dos bens asegurados por orde de calquera goberno de feito ou de dereito, ou de calquera autoridade pública da zona onde se encontran situados os bens asegurados.
7. Os sinistros producidos por motivo ou a consecuencia dunha guerra civil ou internacional (mediase ou non unha declaración oficial), levantamentos populares ou militares, insurreccións, rebelións, revolucións, usurpacións de poder ou operacións bélicas de calquera clase.
8. Os sinistros cualificados polo poder público de catástrofe ou calamidade nacional.
9. Polución e/ou contaminación excepto a que resulte proveniente dun incendio.
10. Asentamento e/ou afundimento do terreo e/ou colapso dos bens asegurados pola perda da súa resistencia mecánica salvo cando esta se produza a consecuencia dun risco cuberto por esta póliza
11. Os danos producidos como consecuencia de sinistros derivados de riscos dos cales a cobertura corresponde en exclusiva 6 Consorcio de Compensación de Seguros.

## **FRANQUÍAS:**

- ◆ Xeral: 601,013 euros. por sinistro.
- ◆ Roubo e espoliación: incendio, raio, explosión, sen franquía.

## II. PROCEDIMIENTO EN CASO DE SINISTRO

## 1. DANOS PATRIMONIAIS NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN.

Como norma básica todo o proceso ha de ser confidencial e canalizado a través de **SECRETARIA XERAL E DO PATRIMONIO**.

### ACCIÓNS INMEDIATAS

- ◆ Utilizar tódolos medios 6 alcance para minora-los danos.
- ◆ Comunicación: dirixida á **SECRETARIA XERAL E DE PATRIMONIO**, vía correo ou telefax, indicando:
  - Lugar do sinistro.
  - Día e hora do suceso.
  - Tipo de sinistro e causas coñecidas.
  - Bens afectados.
  - Importe aproximado dos danos (se se coñecese).
- ◆ Confirmación escrita coa maior brevidade posible e dentro dos sete días seguintes 6 incidente.
- ◆ Nos sinistros ocasionados por fenómenos da natureza (inundación, Terremoto, etc.) ou por actos terroristas, adicionalmente cubrirase o formulario **Riscos Extraordinarios** adxunto, que se debe notificar nun prazo inferior a 7 días.

## ACCIÓN POSTERIORES.

- ◆ Conservar, se fose posible, os vestixios ou restos do incidente co fin de facilitar as tarefas de taxación de danos por parte das Compañías Aseguradoras.
- ◆ Preparar unha reportaxe fotográfica dos danos de non ser posible o anterior como complemento.
- ◆ Elaborar unha relación de danos (Para facilitar a recompilación de gastos, é aconsellable abrir unha conta específica do incidente (sinistro)).

Deben diferenciarse, por non seren indemnizables nalgúns casos, os seguintes conceptos:

- Gastos por reparacións provisionais, entendéndose por tales aquelas que non forman parte da reparación definitiva.
  - Gastos extraordinarios por horas extras, envíos urxentes, etc.
- ◆ Taxación de danos: Para determinar o importe dos danos cómpre xustificar tódolos gastos de reparación, limpeza ou substitución dos elementos afectados tales como
    - Gastos de limpeza.
    - Compra de bens destruídos.
    - Reparación de bens danados.
    - Horas de persoal propio ou contratado (nº de horas e custo horario por categorías).
    - Gastos para impedir danos maiores (extinción de incendios, bombeiros, etc.).
    - Calquera outro gasto ocasionado polo sinistro.



- ◆ A valoración dos equipos ou elementos que substitúan os danados faise co criterio de valor de reinstalación (Valor Reposición), é dicir, o valor dos elementos novos que substitúan os danados con similares características e prestacións.
- ◆ Información complementaria: Elaboraranse informes (internos ou externos) sobre o sinistro, as súas causas e alcance, e remitirase unha copia do mesmo ó DEPARTAMENTO DE SEGUROS.

E aconsellable actuar coordinadamente co Departamento de Seguros antes de realiza-la emisión dos informes definitivos.

## PERSOAS INVOLUCRADAS

Nun sinistro, cara a formaliza-lo procedemento indicado, será necesaria a intervención de, alomenos, dúas das persoas que a continuación se indican

- ◆ Responsable de seguridade física (no caso de actos malintencionados, sabotaxes, etc.).
- ◆ Responsables de sistema de prevención contra incendios (no caso de incendio, explosión, etc.)
- ◆ Xefe de servicio da área de colocación dos bens afectados
- ◆ Responsable de mantemento (para o caso de avarías gastos de reparación, etc.)
- ◆ Responsable do centro de cargas (no caso de perdas de produción e/ou indispoñibilidade prolongadas).
- ◆ Ocasionalmente pódese requiri-la intervención doutro persoal cara a determina-lo alcance dos danos ou perdas e proceder 6 seu axuste.

A SECRETARIA XERAL E DE PATRIMONIO coordinará a actuación das persoas necesarias.

## **2. TRANSPORTE DOS BENS ASEGURADOS.**

En canto ós sinistros de transportes o procedemento de actuación podémolo resumir nos 5 puntos que a continuación expoñemos

- a) Examina-la mercadoría no momento da súa recepción asegurándose de que se recibe sen danos. Se os houberse aconsellamos que dentro das 24 horas seguintes á recepción destas se curse o correspondente escrito á Empresa Portadora, facéndoa responsable de ditos danos,
- b) Procura-la minoración dos danos acaecidos e previr futuras avarías.
- c) Requiri-la intervención inmediata do Perito a través do DEPARTAMENTO DE SEGUROS.
- d) Non debe ser alterado, na medida do posible, nin o estado das mercadorías nin a súa embalaxe ata que as mercadorías sexan inspeccionadas polo Perito ou Comisario de Avarías.
- e) Unha vez que teñan coñecemento do sinistro, deberá ser posto en coñecemento do DEPARTAMENTO DE SEGUROS DA XUNTA DE GALICIA, aínda que a información non sexa moi exacta nin precisa respecto ó alcance dos danos.

### **III. ACTUACIÓN EN INCIDENTES NON ASEGURADOS**

Un sinistro pode non estar cuberto polos seguros actuais por unha destas causas

- A causa do sinistro non está incluída entre as garantidas.
- A instalación non está incluída entre as aseguradas.
- O sinistro está expresamente excluído.

As pólizas de seguro actuais poden modificarse no futuro. Para iso, precisase da información de tódolos incidentes que ocorran, aínda que non sexan sinistros indemnizables baixo as pólizas actuais. Desta forma poderase determinar se é aconsellable incluír novas coberturas.

A información dos sinistros non cubertos pode facerse por medio dunha copia do informe que normalmente se envía 6 xefe de Departamento. E aconsellable engadir unha valoración aproximada dos danos seguindo os criterios antes sinalados

## IV. OUTRAS COMUNICACIÓNS

Toda variación importante debe ser comunicada para adecuar las pólizas á nova situación.

En caso contrario pódese correr o perigo de perder ou limitarse a indemnización por sinistro. Entre outras, as variacións que deben ser comunicadas son as seguintes

- Adquisición ou construción de novos edificios ou instalacións.
- Cambios que afecten á operatividade normal.
- Modificacións no deseño, características ou uso da instalación.
- Alteracións do código de normas de seguridade da instalación dos seus servicios auxiliares.

## V. ANEXO: MODELO DE COMUNICACIÓN DE SINISTROS

## NOTIFICACIÓN DE SINISTRO

(Mod.1)

DE: .....

A: SERVICIO DE XESTIÓN DE RISCOS E SEGUROS

DATA: ..... LOCALIDADE

CENTRO AFECTADO: .....

PERSOA DE CONTACTO: .....

ENDEREZO: .....

TELÉFONO..... FAX: .....

BENS AFECTADOS:

DÍA E HORA DO SINISTRO:

Tipo de sinistro (Incendio, raio, inundación, acto terrorista, roubo, etc.)

.....

Breve descrición do mesmo (causas, circunstancias, propagación e efectos):

.....

Elementos destruídos ou danados:

.....

Estimación dos danos:

.....

Outros datos de utilidade:



En caso de roubo: Acompañar copia denuncia Garda Civil ou Policía.